


### 3.- A CADEA

---

Coloca cada palabra do recadro onde lle corresponda. Só tes que contar as letras e que coincidan unhas con outras. Doado, non si?

CRISTA PEITO COLA PATAS BARBAS PETEIRO ÁS




### 4.- ÁS SÚAS ORDES, PROFE!

---


Agora hai que colorear este galo segundo as instrucións que figuran á esquerda.

- 1.- A crista de cor vermella.
- 2.- As plumas da cola de cor verde, azul e amarela.
- 3.- As barbas de cor vermella.
- 4.- O peito de cor verde.
- 5.- As patas de gris.
- 6.- Os ollos de cor negra.
- 7.- O peteiro de cor amarela.



5.- Localiza nesta sopa de letras os seis animais de granxa que aparecen no recadro.

**VACA GALO OVELLA COELLO PORCO GALIÑA**



6.- Colorea de verde os animais domésticos e de azul os salvaxes.

**GALO**

**OVELLA**

**CEGOÑA**

**BALEA**

**CABRA**

**PAVO**

**CAIMÁN**

**VACA**

**BOI**

**XIRAFÁ**

**ESQUÍO**

**SAPO**

# ACTIVIDADES


## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

### *A CIDADE*

Eu nacera no máis vello da cidade, nunha casa que daba á Praza Vella, onde se celebraba unha feira cada mes. A praza poboábase entón de labregos que mercaban zocas, peneiras, loras, sellas, paxes, patelas.

As rúas estaban enlousadas con grandes lousas. Aínda ficaban soportais nalgúns lugares. Había cine dous días á semana. As donas usaban corsé, e os señores rizaban os bigotes.

**RICARDO CARVALHO CALERO**



# 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

## A CIDADE



### LECTURA COMPRENSIVA

---

1.- En que parte da cidade naceu Ricardo?

---

2.- A que praza daba a súa casa? Arrodea.

Á DO XARDÍN

Á PRAZA VELLA

Á PRAZA NOVA

3.- Que se celebraba cada mes na Praza Vella?

---

4.- Como eran as lousas da rúa? Grandes ou pequenas?

---

5.- Que rizaban os homes?

---

6.- Que cousas se poden mercar nunha feira ou nun mercado?

## 11.- ONDE VAI CADA COUSA? \_\_\_\_\_

Unha casa ten que estar ordenada e cada cousa ten que estar nun sitio determinado. Saberías dicir onde vai cada cousa?


MANTAS	<b>COCIÑA</b>	RETRETE
TIXOLA		ARMARIO
TELE	<b>BAÑO</b>	FORNO
LIBRARÍA		TELÉFONO
DUCHA	<b>DORMITORIO</b>	CAMA
LAVABO		POTAS
ALMOFADA	<b>SALÓN</b>	SOFÁ

## 12.- DE CAMPO OU CIDADE? \_\_\_\_\_

Da seguinte listaxe averigua que palabras se refiren ao campo e cales á cidade. Relaciona e colorea de verde as do campo e de vermello as da cidade.

SEMÁFORO	<b>CAMPO</b>	ASCENSOR
RAÑACEOS		INVERNADOIRO
LABRADÍO		CARRO
GRANXA	<b>CIDADE</b>	FÁBRICA
TRACTOR		AUTOBÚS URBANO
BOI		CENTRO COMERCIAL

### 13.- O ENCRUCILLADO DA CASA



### HORIZONTAIS

- 1.- Abertura feita na parede para permitir o acceso.
- 2.- Conduto por onde sae o fume das cociñas ao exterior.
- 3.- Cuberta superior recuberta con tellas ou con outro material.
- 4.- Abertura na parede para deixar entrar o aire e a luz, xeralmente cerrada con vidros.
- 5.- Muro que forma o exterior dun edificio.



1.- PORTA 2.- CHIMINEA 3.- TELLADO 4.- FINESTRA 5.- PAREDE